

# ESCOLLENDO O MEU CAMIÑO

Información para o  
alumnado de 3º ESO

# Prepárate para o teu futuro.

Ata agora pasabas de curso e todos tiñades mais ou menos as mesmas materias pero a partir de 4º cada quen vai ter que **escoller o Itinerario/Camiño que quere seguir**. Por iso é necesario prestar atención ás distintas posibilidades que se presentan e escoller con miras ó que queres facer máis adiante.

**O método a seguir debe ser:**

*Pensar primeiro o que queres facer e/ou estudar ó rematar 4º e, en función diso, escoller as materias*







# TÍTULO ESO

---



Debes ter aprobadas todas as materias cursadas ata 4º



## EXCEPCIONALMENTE

Con unha ou dúas materias sen superar sempre que esas dú<sup>as</sup> non sexan:

- Matemáticas
- Lingua e Literatura Castelá
- Lingua e Literatura Galega

# SE NON ACADAS O TÍTULO

- 1) Deixar de estudar (o ensino só é obrigatorio ata os 16 anos) pero nós NON O RECOMENDAMOS.
- 2) Repetir 4º (só unha vez e se non tes 18 anos; excepcionalmente poderás repetir unha segunda vez se non repetiche nos cursos anteriores da Etapa).
- 3) Matricularte nun Programa de Formación Profesional Básica (FP Básica) (só se tes máis de 16 anos).
- 4) Matricularte nun Centro de Educación Secundaria de Adultos (ESA) (só se tes 18 anos ou máis).

**AQUÍ NO SE RINDE  
NADIE**





# FP BÁSICA

Para ter ACCESO a este tipo de ciclos tes que:

- Ter cumpridos (ou facelo no ano natural en curso) os **15 anos** ou **non superar os 17 anos** no momento de acceso (ou durante o ano natural en curso).
- Ter cursado **ata 3º da ESO** ou, **excepcionalmente, 2º da ESO**.
- O **equipo docente** lle propoña ao teu pai, túa nai ou titor/a legal que te incorpores nun ciclo de FP Básica.

A VALIDEZ destes título ten **valor académico e profesional**.


Obterás o **Título Profesional básico** e poderás obter o **Título da ESO**.

Para máis información pinchar [aquí](#).




# SE TES 18 ANOS (ou os vas cumprir neste ano)

- Matricularate nun Centro que imparta a **Educación Secundaria de Adultos (ESA)** de forma presencial ou a distancia.
- Presentarte ó **exame** para obter (por libre) o **Título de Graduado en Educación Secundaria**.
- Presentarte ó exame, **por libre**, para poder acceder a un Ciclo **Formativo de Grao Medio** (Os que teñan feito o Programa de Garantía Social poden presentarse con 17 anos).
- Presentarte ás **probas de ingreso** no Exército como soldado profesional.



# SE ACADAS O TÍTULO

- 1) **Buscar traballo.** Cos 16 anos remata a idade da Educación Obrigatoria e, polo mesmo, se non queres seguir estudando, podes facelo. **NÓS NON LLO RECOMENDAMOS A NINGUÉN.**
- 2) Se tes **18 anos**, podes preparar unha oposición, presentarte ó exame de ingreso nas Forzas Armadas ou preparar o exame de ingreso, por exemplo, nas forzas de seguridade...
- 3) Facer un Ciclo Formativo de Grao Medio.
- 4) Estudar Bacharelato.







# FP GRAO MEDIO

Para ter ACCESO a este tipo de ciclos tes que cumprir un dos seguintes requisitos:

- Ter o **Título da ESO** (ou equivalente).
- Ter o **Título Profesional Básico**.
- Ter o **Título de Técnico**.
- Ter unha **certificación** de que superache as **probas de acceso** a ciclos ou outra vía de acceso aos ciclos de grao medio.

Obterás o **Título de Técnico** e poderás obter o **Título de Bacharelato**.

Para máis información pinchar [aquí](#).



# BACHARELATO

Forma parte da Educación Secundaria post-obrigatoria polo que é de carácter **voluntario**, **gratuíto** e comprende unha duración de **dous cursos académicos** (que se poden rematar nun máximo de catro anos). Ademais, esta formación capacítate para acceder a unha **educación superior** (FP superior, proba de acceso á Universidade...).

As materias están organizadas en **tres bloques** e **tres modalidades:**

- Materias troncais (obrigatorias)
- Materias específicas
- Materias de libre configuración

- 1) Ciencias
- 2) Humanidades e Ciencias Sociais
- 3) Artes

Todas elas ofértanse no noso centro. Se a túa idea é cursar aquí o Bacharelato, terás que cubrir a solicitude de Admisión en función da modalidade (só existen dous formularios diferentes): Ciencias ou Humanidades e Ciencias Sociais ou Artes.

Poderás atopalas na [páxina web do centro](#).



# ACLARACIÓNS

## Título da ESO

Con este título podes:

- Matricularte en calquera Ciclo Formativo de Grao Medio.
- Matricularte en calquera Bacharelato, independentemente das materias cursadas en 4º.

Pero unha cousa é a legalidade e outra moi distinta é a realidade, ¿como vas poder superar en 1º de Bacharelato a Física-Química, por exemplo, se en 4º da ESO non a estudache?

## Información

Esta información está colgada na páxina web do centro no [departamento de orientación](#).

Amosamos [aquí](#) unha páxina web que presenta un esquema interactivo sobre o sistema educativo que está vixente no que podes ir pulsando en cada tipo de ensinanza para ampliar a información.



# GRAZAS POLA ATENCIÓN

Calquera dúbida  
podes preguntarme  
a min ou á  
orientadora.

